

ANUNCIO

ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TROÁNS- SECTOR I (CUNTIS - PONTEVEDRA)

TOMA DE POSESIÓN PROVISIONAL

En cumprimento do disposto polo artigo 37 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, a directora xeral de Desenvolvemento Rural resolveu poñer a disposición con data **28.02.2022** os predios resultantes do proceso de concentración parcelaria da zona de Troás - sector I (Cuntis, Pontevedra) para a **toma de posesión provisional**.

As datas para tomar posesión dos predios son as seguintes:

- **Para terreos de prado, pasteiro, labradío sen colleita e monte, o día 28.02.2022**
- **Para os restantes terreos, no momento no que, segundo o costume, se retiren as colleitas actuais.**

Para o caso de que se pretenda retirar arborado, a **data límite para a dita retirada é o día 28.08.2022** debendo contar co preceptivo permiso do Servizo de Montes, e xestionándose o aproveitamento consonte co establecido no Decreto 73/2020, do 24 de abril polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia. (Información na dirección web: ovmediorural.xunta.gal/gl/tramites/corweb)

No prazo de **dous meses** contados a partir do seguinte ao **28.02.2022**, poderá reclamar por defecto de superficie nos predios atribuídos, xuntando unha medición pericial asinada por técnico competente, sobre diferenzas de superficie superiores a unha marxe de tolerancia variable entre a medición *in situ* e a que conste no boletín de atribucións dos novos predios, conforme ao disposto no antedito artigo 37.

IMPORTANTE: As persoas propietarias das parcelas de achega deben permitir aos titulares dos novos predios o acceso a eles para realizar a súa medición no prazo dos dous meses indicado arriba.

Debe terse en conta:

- A falta de superficie dun predio non será compensada cando exista exceso de superficie no conxunto dos predios atribuídos ao mesmo propietario, e esta sexa suficiente para compensar en valor de puntuación o conxunto das atribucións.
- A falta de superficie en terreos de núcleo rural (total ou parcialmente) será compensada nesta mesma clase. No caso de non existir dispoñible terreo deste tipo e o mesmo titular ter exceso de superficie en terreos doutra clase, a compensación farase sobre ditos terreos.
- Non se admitirá reclamación no caso de que o predio obxecto dela coincida exactamente, na súa delimitación cartográfica, coa parcela achegada polo mesmo titular.
- Impedir ou obstaculizar a toma de posesión é considerada unha infracción moi grave (artigo 90 da Lei 4/2015) sancionada con multa de 1.501 a 6.000 euros.
- Sen prexuízo do indicado no punto anterior, a toma de posesión poderá darse, previo apercibimento, mediante compulsión directa sobre a/s persoa/s que a impidan.

Os planos do acordo e dos marcos colocados que delimitan os predios están accesibles en Internet, na páxina web da Consellería do Medio Rural, na sección "Publicacións" da seguinte ligazón: ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentraciones-parcelarias-procesos

Pontevedra, na data da sinatura dixital
A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias
María José Pérez Gil

